Expediente IET: P-21-879
Plan ou programa: Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia
Promotor: Axencia Galega de Infraestruturas
Expediente DXCASCC: 2021AAE2640

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 39.1 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), con data do 21/12/2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico (DAE) do Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe. Emítese de acordo co que para tal efecto establece o artigo 39.2 do Regulamento da Lei 7/2008.

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

2. Descrición do plan e contido da documentación:

O plan ten por finalidade realizar unha diagnose a partir da información proporcionada polos mapas estratéxicos de ruído sobre os grandes eixos viarios da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, e determinar as accións prioritarias a levar a cabo no caso de superárense os obxectivos de calidade acústica establecidos na normativa en materia de ruído. Para tal fin, o plan define catro liñas de actuacións: preventivas, de xestión, correctivas e de divulgación e educación.

O DAE inclúe un breve epígrafe de paisaxe dentro dun apartado de caracterización do medio físico.

3. Análise da incidencia do plan sobre a paisaxe:

Parte das medidas que se formulan no plan están relacionadas coa regulación do tráfico nas estradas, co planeamento urbanístico en canto ao deseño, materiais e situación das edificacións, e non suporán impactos paisaxísticos significativos. Porén, contémplanse outras medidas para a contención da contaminación acústica que, segundo a súa dimensión ou tipoloxía, poden ter incidencia sobre a paisaxe. Tal é o caso das actuacións correctivas contra o ruído na súa vía de propagación (diques de terra, pantallas acústicas, colocación de elementos de difracción e absorbentes sobre pantallas ou a construción de túneles e falsos túneles).

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

CVE: dEsNxNY1F7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Conclusión:

O Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia non producirá de forma directa efectos significativos sobre a paisaxe, e en todo caso, tales efectos serían de signo positivo, posto que a súa finalidade é atenuar os efectos nocivos asociados ao ruído. Non obstante, a execución das medidas correctoras propostas para mitigar a propagación do ruído pode supor certa incidencia paisaxística. Para este conxunto de actuacións o plan non prevé medidas de integración paisaxística polo que cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

- Para o caso das actuacións que impliquen fortes movementos de terra (trincheiras e noiros), o plan deberá prever medidas de integración paisaxística encamiñadas a buscar a proporción de superficie e pendente máis acorde coa topografía da contorna onde se insire e a minimizar o movemento de terras. Así mesmo, debería establecer criterios para a revexetación das novas superficies, seleccionando de entre as especies autóctonas de cada ámbito de acción as que mellor se axusten ao obxectivo de dispersión e amortecemento do ruído.

- Para as medidas de contención baseadas en barreiras ou pantallas acústicas, o plan deberá prever criterios de integración paisaxística na elección de tipoloxías, materiais, gamas cromáticas, grao de transparencia ou alturas, buscando a integración de materiais, tipoloxías e cores cos predominantes na contorna. Así mesmo, no caso de que existan cuncas visuais de interese paisaxístico que poidan quedar afectadas pola barreira, o plan deberá prever a necesidade dun estudo de visibilidade que sirva de base para a elección de parámetros como a posición, altura máxima ou grao de transparencia do elemento construtivo. No caso de elección de materiais que podan provocar brillos, deberá de adaptarse o deseño e posición para que non supoñan focos de atracción luminosa nas cuncas visuais de maior interese paisaxístico.

- Para calquera dos casos, nos proxectos de execución das accións deberá procurarse a utilización preferente de barreiras vexetais ou muros verdes fronte ao uso de barreiras construtivas de acabados inertes ou alteracións topográficas.

En todo caso, deberanse tomar en consideración as determinacións establecidas pola normativa en materia de paisaxe: Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, Regulamento da Lei 7/2008, Directrices de paisaxe e Catálogo das paisaxes de Galicia.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

Asinado por: SERANTES BARBEITO, JOSE ANTONIO
Cargo: Director do departamento
Data e hora: 21/02/2022 08:53:23

Asinado por: ÁLVAREZ VICENTE, JOSE LUIS
Cargo: Xefe do Servizo
Data e hora: 21/02/2022 08:30:35

Asinado por: DE SALVADOR SANCHEZ, ENRIQUE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 21/02/2022 13:42:48

CVE: dEsNxNY1F7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve